



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

XUSTIFICACIÓN DOS ASPECTOS ESIXIDOS POLO ARTIGO 116 DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO (LCSP), NA CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CERQUEDA E LEILOIO: ACTUACIÓN 1ª.- PISTA DE POZACAS; ACTUACIÓN 2ª.- PISTA DE PEDROSA”, INCLÚIDA NO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025.

EXPTE.: 2024/C003/000001

O PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN E O VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

O presuposto base de licitación é o sinalado no proxecto:

Base imponible:	60.984,46 €
IVE:	12.806,74 €
TOTAL:	73.791,20 €

Polo que se refire o valor estimado do contrato (VEC) virá determinado polos seguintes conceptos: base imponible e o importe das modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato.

No presente caso non se prevén/non se definen modificacións nos termos previstos no art. 204 da Lei 9/2017 (en diante LCSP), polo que o valor estimado do contrato é o seguinte:

Base imponible:	60.984,46 €
TOTAL VALOR ESTIMADO:	60.984,46 €

ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A presente obra está incluída no Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, regulado na Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), do 19 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E), DOG núm. 18 do 25/01/2024.

De conformidade coa citada resolución é necesario, como non podía ser doutra forma, que o Concello proceda a licitar as obras de acordo cos procedementos establecidos na LCSP.

No presente caso considérase que debe de acudir ao procedemento aberto simplifícadísimo (art. 159.6 da LCSP) establecendo dous criterios de valoración (prezo e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla), con base en:

- Que de conformidade coa LCSP a adxudicación realizárase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto ou restrinxido.
- Os prazos establecidos pola Resolución que regula a subvención, fundamentalmente o de inicio da obra, o que aconsella acudir a este procedemento aberto simplifícadísimo pois este conxuga os principios aos que se refire o artigo 1 da LCSP coa axilidade do procedemento, ao simplificar ao máximo os seus trámites. Por outra banda o VEC está moi por baixo do límite establecido polo art. 159.6 da LCSP polo que é posible e ademais neste



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

caso conveniente, por razón de celeridade/axilidade, como xa se dixo, acudir a este procedemento.

- A propia natureza/obxecto da obra e que esta non presenta unha especial complexidade desde o punto vista técnico

-De conformidade art. 159.6 da LCSP a oferta avaliarase en todo caso conforme criterios de adjudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas. Así, tendo en conta os posibles criterios de valoración e a natureza/obxecto do contrato óptase por establecer, como xa se avanzou, os seguintes criterios coas seguintes puntuacións/valoracións:

Oferta económica (puntuación de 0 a 80 puntos), xa que se pretende e se entende que é posible lograr un aforro na licitación, e ser este criterio unha forma efectiva de dar cumprimento ás/aos finalidades/principios da contratación pública establecidos no art. 1 da LCSP (estabilidade orzamentaria, control do gasto e eficiente utilización dos fondos públicos).

Porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa (puntuación de 0 a 10) preténdese ter en conta un criterio de carácter social, fomentando desta forma a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e considerando de novo, o preceptuado polo art. 1 da LCSP, neste caso o parágrafo 3º, o cal di: “... *En toda contratación pública incorporaranse de maneira transversal e preceptiva criterios sociais e ambientais sempre que garde relación co obxecto do contrato, na convicción de que a súa inclusión proporciona unha mellor relación calidade-prezo na prestación contractual, así como unha maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos*”.

En resumo cos citados criterios e de conformidade cos arts. 1, 131 e 145 da LCSP se pretende que a mellor oferta garanta o principio de mellor relación calidade-prezo.

CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

A clasificación do empresario non é esixible de conformidade co art. 77 LCSP tampouco sería necesaria acreditar a solvencia conforme ao art. 159.6. O lexislador establece que neste procedemento non é necesario “acreditar” a solvencia económica e financeira e técnica, o que non significa que o órgano de contratación non poida ou deba establecer os criterios de capacidade e solvencia que -proporcional e obxectivamente- considere que deben reunir os licitadores para contratar, así esta Administración considera necesario, a fin asegurar a correcta execución da obra, proceder a establecer a citada solvencia aínda que se dispense da súa acreditación.

Polo tanto, establécese a seguinte clasificación aos efectos de solvencia:

GRUPO G SUBGRUPO 04 CATEGORIA 1

No caso de que non se conte con clasificación os criterios de solvencia se establecerán/establecen de conformidade co previsto na LCSP para o caso de que non se procedera a súa determinación polo prego de cláusulas administrativas particulares, en congruencia co feito de que non é esixible a súa acreditación.

XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES

Aos efectos do previsto no art. 99.3 da LCSP non se procederá á división do obxecto do contrato en lotes, xa que se ben este proxecto, polas súas características e deseño, podería ser dividido en lotes considerase oportuno e xustificado non proceder a dita



C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

división, pois, ilo implicaría un aumento dos costes tanto na execución como na dirección facultativa da obra.

Polo que, á vista do anterior, non se procederá á división do obxecto do contrato en lotes, ao concorrer/quedar xustificado que concorren motivos válidos que xustifican a citada non división nos termos previstos polo citado art. 99.3 da LCSP.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O alcalde,

Asdo.: Eduardo J. Parga Veiga